

PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN
DO DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

CURSO 2023/24

I.E.S. PLURILINGÜE SAN ROSENDO

MONDOÑEDO

ÍNDICE

1....XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2....OBXECTIVOS

3.... PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

3.1.. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

3.2.. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

4.... ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

5.... ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

6.... TEMPORALIZACIÓN

7.... AVALIACIÓN DO PLAN

ANEXO I: PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIADADE (PAD)

ANEXO II: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

ANEXO III: PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Os centros educativos constitúen o espazo no que se está garantido o dereito a educación. Afrontamos o curso escolar 2023/24 garantindo a máxima presencialidade.

CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO:

Situación / Dirección: Avenida das San Lucas, 33 – 27.740 Mondoñedo (Lugo)

Teléfono: 982 87 05 39 (IES) e 982 87 05 44 (Departamento de orientación)

Centros adscritos: Non ten. Aínda que os centros de primaria de Mondoñedo, Lourenzá e Abadín se coordinan co noso departamento de orientación porque o seu alumnado fai a ESO no noso centro educativo.

Ensinanzas que oferta o centro: Neste curso académico impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato en dúas modalidades: *Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais*, e ciclos formativos de FP da familia profesional Actividades Agraria e formación Profesional Básica (*Agroxardinaría e composicións florais*). Os ciclos impartidos son: Ciclo medio en réxime dual de “*Aproveitamento e conservación do medio natural*”, ciclo de grao superior en réxime ordinario “*Xestión forestal e do medio natural*” e por módulos en réxime presencial o ciclo superior de “*Paisaxismo e medio rural*”.

Lingua materna dominante do alumnado: Lingua galega

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Constitúen o Departamento de Orientación, segundo o establecido ao respecto na lei vixente, os seguintes membros para o curso escolar 2023/24:

- A orientadora do centro, que actúa como xefa do departamento: SOLEDAD GONZÁLEZ TORTEROLO
- Dúas mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica a tempo completo: CRISTINA RAMUDO COUTO e MARÍA CENDÁN GONZÁLEZ.
- Titora do ámbito científico – tecnolóxico: M^a JOSEFA RODRÍGUEZ NIETO

- Titor do ámbito lingüístico – social: ANA M^a RODRÍGUEZ RAMOS

As funcións do departamento de orientación serán as establecidas pola lexislación vixente, na que se di que os departamentos de orientación reforzarán as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas en coordinación coas persoas titoras, as medidas e os programas para a atención destas, así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretaranse no Plan de orientación académica e profesional, no Plan de acción tutorial, na concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade e na Programación xeral anual.

O ALUMNADO: a data de hoxe o alumnado matriculado no centro é de 262 alumnos/as, composto por: 153 alumnos/as na ESO, 48 no Bacharelato e 61 na FP.

O PROFESORADO: A maioría do profesorado é estable no centro, polo que existe un alto coñecemento do alumnado. As principais demandas céntranse en: petición de asesoramento e información acerca do deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade, petición de material para levar a cabo estas medidas, e tamén para a acción tutorial.

2. OBXECTIVOS

Despois de analizar as necesidades do centro, e tendo en conta a todos os compoñentes da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias), propoñemos coma obxectivos para este curso os seguintes:

- Valorar as necesidades educativas do alumnado, para deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Coordinar o desenvolvemento do plan de orientación e do plan de acción tutorial, e mantelos actualizados e adaptados a situación actual.
- Deseñar accións encamiñadas á prevención e detección precoz das dificultades de aprendizaxe, tendo en conta o plan de atención á diversidade (Decreto 8 de

setembro do 2021 polo que se regula a atención a diversidade na comunidade autónoma de Galicia)

- Participar, asesorando ao equipo directivo e aos demais membros da comunidade educativa, na revisión e actualización do proxecto educativo de centro, especialmente no apartado de medidas de atención á diversidade e na posta en marcha das actividades que fomenten a convivencia.
- Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias, desenvolvendo as medidas sanitarias adecuadas e necesarias en cada caso.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar momentos escolares decisivos como son o ingreso no centro, a elección de itinerarios e optativas e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

3.1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A acción orientadora ten un carácter continuo e global e abrangue a formación académica, o desenvolvemento psicosocial e a madurez vocacional do alumnado, e implica a toda a comunidade educativa.

É imprescindible, no traballo orientador, ter en conta as seguintes accións prioritarias:

- Actuacións relacionadas coa **inclusión e a diversidade**:
 - Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do PXA, especialmente sobre as MAD e a acción titorial.

- Asesorar aos departamentos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, nas programacións e nas medidas de atención á diversidade.
 - Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
 - Axustar as propostas de apoio educativo a cada alumno/a, tendo en conta o seu potencial de aprendizaxe.
 - Facilitar asesoramento á comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
 - Asesorar á comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade contempladas no centro.
 - Asesorar á comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade que non están implantadas no centro.
 - Aplicar o Plan de Atención á Diversidade a nivel de centro.
- Actuacións relacionadas coa **acción titorial**:
 - Colaborar cos equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial, que se fará canto antes.
 - Axudar aos titores/as co seguimento e información ás familias a través das titorías, presenciais ou telemáticas (teléfono, correo electrónico, abalar...)
 - Colaborar cos titores no desenvolvemento do PAT, asesorando a toda a comunidade educativa (sistema educativo, procesos de admisión, accións de acollida, cambios de centro e participación na organización e goberno dos centros).
 - Atención do alumando nos aspectos sociais e emocionais, a través de diferentes actividades e a través da intervención presencial e puntual e necesaria.

- Actuacións relacionadas coa **convivencia e coa educación en valores**:
 - Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos.
 - Asesorar á comunidade educativa sobre a aplicación das normas de organización e funcionamento, adaptadas as normas que pon o centro.
 - Respetar e entender ao alumnado con distinta problemática.

- Actuacións relacionadas co **plan de orientación, co plan anual e coa memoria** de cada curso:
 - Diseñar este plan anual de actuación e actualizar o plan de orientación.
 - Realizar a memoria final de curso, fundamentando as propostas de mellora para o curso seguinte.

- Relacionadas cos **procesos de avaliación e calidade**:
 - Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
 - Asesorar á comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

- Relacionadas co **drdorienta**:
 - Facilitar en forma e prazo a información demandada nesta aplicación informática.

- Relacionadas coa **aprendizaxe permanente e as saídas profesionais**:

- Prestar especial atención aos momentos de transición académica, guiando e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos e na elección de materias.

- Relacionadas coa **coordinación dos departamentos de orientación**:
 - Coordinarse cos xefes dos departamentos de orientación dos CEIPs onde o seu alumnado acode ao noso centro, especialmente no referente á transición do alumnado entre a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria.

- Relacionadas coa nova lei de educación (**LOMLOE**):
 - Asesorar á toda a comunidade educativa sobre os cambios na etapa, producidas pola lexislación vixente.

3.2. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

O departamento de orientación actúa, fundamentalmente, en tres ámbitos: atención a diversidade (PAD), acción titorial (PAT) e orientación académica e profesional (POAP). E estes ámbitos están concretados nos diferentes plans ou programas, que o departamento de orientación concreta e adapta cada ano, tendo en conta as súas características.

Estes plans aparecen nos anexos desta programación, concretados para este curso escolar 2023/24.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de orientación informará ao alumnado, familias e profesorado da ESO e BAC, sobre distintos temas que cremos importantes na formación persoal do noso alumnado. Farase a través da páxina web do centro, das titorías (para o alumnado) presenciais nas aulas, nas consultas telefónicas coas familias, etc.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN DO PLAN ANUAL

Tenderemos a desenvolver un modelo psicopedagóxico de intervención, que implica que temos que actuar, sobre todo, dun xeito indirecto, grupal, interno, proactivo e por programas, aínda que sen rexeitar, en casos puntuais, unha atención directa e individualizada. Neste modelo é necesaria a colaboración de toda a comunidade educativa.

A acción orientadora será principalmente indirecta, potenciando a acción directa a través de mediadores (basicamente a través da acción titorial) e interna, xa que o seu desenvolvemento será competencia do profesorado do centro. En casos puntuais pode ser precisa a intervención de servizos externos ao centro, como poden ser os especialistas do EOE ou persoas doutras entidades que participen no establecemento dunha conexión entre a escola e o seu entorno.

As intervencións serán prioritariamente de carácter preventivo, intentando adiantarnos ás posibles dificultades que poidan atoparse e no caso de que aparezan dotar dos recursos suficientes para afrontalas. Aínda que tamén se desenrolaran actividades de carácter directo e incidindo nas dificultades detectadas.

6. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización virá enmarcada en cada trimestre, atendendo ás diferentes necesidades e aos intereses de cada un dos niveis educativos.

Hai que ter en conta que esta planificación está suxeita a avaliación continua, polo que froito do seu desenvolvemento, e recollendo as aportacións dos diferentes membros da comunidade educativa, pode estar suxeita a variacións.

7. AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación é inherente a toda acción pedagóxica e sempre haberá tres momentos no proceso de avaliación: avaliación inicial (para saber cal é a situación de partida e as necesidades do contexto para establecer un plan de acción), avaliación

formativa (permite obter información sobre a marcha e aplicación do plan que nos axudará a incluír novas metas ou realizar as modificacións oportunas) e avaliación sumativa e final, que determinará os resultados acadados ao remate do proceso. A súa finalidade é medir a funcionalidade ou aplicabilidade dun programa ou plan no seu contexto. Os resultados da avaliación aparecerán reflectidos na memoria do departamento de orientación, que se realizará no mes de xuño e na que se recollerán os seguintes aspectos: modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento dos plans e programas de intervención concretos; dificultades atopadas no desenvolvemento dos citados plans; valoración do grao de consecución dos obxectivos e necesidades e obxectivos para o vindeiro curso.

Empregaremos fontes de información externas (órganos de goberno, órganos de participación e coordinación e os propios alumnos) e internas (reunións de departamento e reunións cos titores).

Os criterios para a avaliación do plan son os seguintes:

- axuste ás necesidades do centro
- grao de consecución dos obxectivos previstos, atendendo tanto á eficacia como á eficiencia (recursos empregados, tempo dedicado ás actividades, participación);
- utilidade das accións programadas,
- nivel de aplicabilidade do programado e necesidade ou non de recursos adicionais;
- implicación da comunidade educativa no deseño e desenvolvemento do plan.

Unha vez feita a valoración destes criterios elaboraranse as **propostas de mellora** para o curso seguinte.

En Mondoñedo a 18 de setembro do 2023

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Asdo: Soledad González Torterolo